

Mediante resolución de Alcaldía nº 666/2010 do 24 de setembro, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral (contrato de relevo) mediante concurso, dunha praza de operario de servizos múltiples, co fin de proceder a realizar o 80% da xornada laboral do traballador relevado, D. Ramón García Novo, e poder polo tanto atender así á súa solicitude de xubilación parcial.

Publicadas as citadas bases no Boletín Oficial da Provincia nº 188 de 30 de setembro, así como no Taboleiro de anuncios do Concello e na web do mesmo, e transcurrido o prazo para a presentación de instancias.

Ditada por esta Alcaldía resolución nº 725/2010, do 19 de outubro, pola que se aproba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos no citado procedemento de selección, resultando como único aspirante excluído provisionalmente D. Carlos Lema Martín con D.N.I nº 79.327.127-N.

Publicada a citada resolución no taboleiro e na web do Concello de Cabana con data de 20 de outubro de 2.010, preséntase con data de 27 de outubro de 2.010 (RE nº 3.208/2010 do 27/10), escrito por D. Carlos Lema Martín, achegando informe médico, informe de períodos de inscrición e informe de non rexeitar ningún posto de traballo.

Visto que o base Quinta, no punto segundo das bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 666/2010 do 24 de setembro, establece que:

“Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de **5 días naturais** contados a partires do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web, para subsana-los defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá dictarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.”

Tendo en conta que como xa quedou dito a resolución de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos foi publicada o día 20/10/2010, rematando o prazo polo tanto o día 25/10/2010 resultando que a documentación de subsanación presentada por D. Carlos Lema Martín, con data de 27/10/2010 foi presentada fora de prazo, e que en aplicación das bases de selección procede a súa exclusión do proceso de selección de xeito definitivo.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

Aspirantes admitidos:

1.-D. José Manuel Parga Eiroa.....79.318.749-Y

Aspirantes excluídos:

1.-D. Carlos Lema Martín.....79.327.127-N.

SEGUNDO: Convocar igualmente ao Tribunal de selección e os aspirantes admitidos para **o venres día 29 de outubro ás 8:45 horas**, na Casa do Concello en A Carballa s/n, para a realización das probas previstas nas bases de selección. De conformidade co previsto na base sexta punto 1, designar como membros do Tribunal de Selección:

- Presidenta: D^a. Gema Vázquez López. (Interventora do Concello)
- Secretario: D. Federico M. Suárez Cancelo (Secretario do Concello).
- Vocais: D. José Manuel Varela Lema (traballador laboral do Concello).
- D^a. Silvana Facal Martínez (persoal laboral fixo do Concello).

CUARTO: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello (www.concello-cabana.com) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución nº 666/2010 do 24 de setembro.

QUINTO: Ó considerarse un acto de trámite cualificado, si se desexa impugnar a presente resolución, os interesados poderán proceder a interpoñer recurso contencioso - administrativo ante o xulgado no prazo de dous meses a contar a partir do día da súa notificación ou publicación.

Alternativamente, e de xeito potestativo, se pode interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou a presente resolución, no prazo de un mes a contar a partir da súa notificación ou publicación.